

NOTA INFORMATIVA

A presentación oficial das Escolas Deportivas Municipais de Foz terá lugar o **Martes 19 de Setembro ás 18:00 horas no Salón de Actos da Casa da Cultura**. Neste día solventaranse tódalas dúbidas que poidan xurdir así coma as posibles modificacións en horarios, instalacións, etc...

Poderán participar todos/as os/as alumnos/as nados entre os anos 2012-2002 (ambos inclusive).

As actividades comezan o **Luns 2 DE OUTUBRO** e rematarán o Venres 31 de Maio.

Todos/as os/as alumnos/as deberán entregar unha fotocopia da tarxeta da seguridade social, adxuntada coa entrega da ficha.

As **cotas de inscrición** para as actividades son as seguintes:

- 15 €/mes para os nenos/as que vaian a 1 actividade.
- 17 €/mes para os nenos/as que vaian a 2 ou máis actividades.

As **Familias Numerosas** terán un **desconto do 50%**.

As fichas de inscrición entregaranse nos seguintes lugares: Casa da Xuventude.

As **cotas de inscrición** emitiranse **mes a mes**.

En tódalas actividades existe un número máximo de prazas que aseguren o correcto funcionamento dos grupos, así como un **número mínimo para poder levarlas a cabo (8)**.

Aquelas persoas que desexen causar baixa nas EDM Foz, deberán presentar por escrito, no rexistro de entrada do concello a correspondente solicitude. A devandita solicitude deberá realizarse antes do último día laborable do mes en curso. A baixa terá efecto no mes natural seguinte á data na que se presente o escrito. (o formulario facilitarase a tódol@s alumn@s no Concello de Foz)

A todos os inscritos no Deporte Escolar proporcionaráselles un seguro individual de accidentes da Xunta de Galicia.

O primeiro día de cada actividade deberán presentarse tódolos inscritos na mesma para o reparto de grupos e categorías.

VANTAXES EDM FOZ 2017 - 2018

Por formar parte das EDM Foz poderás participar en tódalas modalidades deportivas que desexes (tendo en conta a túa idade, sexo, disponibilidad horaria)

- Participarás nos campionatos correspondentes ás actividades impartidas, así como en diversos torneos comarcais, provinciais.....
- Participarás en xornadas de convivencia con outras Escolas Deportivas da A Mariña Lucense.
- Festa de despedida con Inchables.

INFORMACIÓN: 662 090 374 (CAROLINA)

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS



Concello de Foz

AGRADECEMENTOS:

- Centros Educativos do Concello.
- ANPAS dos Centros Educativos.
- Casa da Xuventude.
- Centro Social.